

DEPARTAMENTO DE PEDAGOXÍA E DIDÁCTICA

I CONVOCATORIA DE PREMIOS A TESES DE DOUTORAMENTO EN EDUCACIÓN 2022

BASES

Primeira. Obxectivo e Ámbito de Aplicación

O obxectivo destes premios é contribuír ao recoñecemento daquelas teses de doutoramento en Educación feitas no marco dos programas nos que participa profesorado e/ou grupos de investigación do departamento, que teñan acadado unha cualificación de 'Sobresaliente Cum Laude', e foran defendidas na USC entre o día 1 de xaneiro e o día 31 de outubro de 2022.

Segunda. Destinatarios/as

Estes premios serán concedidos a todas aquelas persoas que teñan defendido publicamente a súa tese de doutoramento nalgún dos programas en Educación da USC, e cuxa dirección correse a cargo, como director/a ou co-director/a, de profesorado adscrito ao departamento de Pedagogía e Didáctica, a través das tres áreas de coñecemento que o integran (THE, DOE, MIDE).

Terceira. Contía dos Premios

A contía de cada premio será de 300 € (importe bruto). O pagamento realizarase por transferencia bancaria á conta do/a beneficiario/a, con cargo á partida orzamentaria do departamento (21A3-3000-64000). Ao devandito importe seranlle de aplicación as retencións que correspondan segundo a normativa vixente.

Cuarta. Solicitudes

As persoas que cumpran o requisito antes mencionado (cualificación da tese) e estean interesadas no premio, deberán presentar, en tempo e forma, a súa solicitude cumprimentando o formulario do Anexo. A presentación poderase facer de xeito presencial na sede administrativa do departamento (Facultade de Ciencias da Educación, Campus Vida), ou mesmo enviando a solicitude por e-mail a departamento.pedagogiaedidactica@usc.es, indicando no Asunto "Premios a Teses Doutoramento 2022".

A solicitude irá dirixida ao director do departamento de Pedagogía e Didáctica da USC, xunto coa seguinte documentación:

- Unha (1) copia da tese en formato PDF

- Documento acreditativo expedido pola USC da cualificación da tese como 'Sobresaliente Cum Laude'
- Documento xustificativo do gasto realizado.

Quinta. Prazo de Presentación de Solicitudes

O prazo de presentación ábrese coa publicación desta convocatoria na web do departamento de Pedagogía e Didáctica da USC, e quedará pechada, de xeito improrrogable, o día 31 de outubro de 2022.

Sexta. Comunicación dos Premios

A dirección do departamento publicará os premios concedidos a través da correspondente resolución na web do departamento (<https://www.usc.gal/gl/departamento/pedagogia-didactica>), e mesmo a través de e-mail individualizado a cada persoa beneficiaria.

Sétima. Aceptación das Bases

A participación na convocatoria destes premios supón necesariamente a aceptación do exposto nestas Bases.

En Santiago de Compostela, a 6 de outubro de 2022

Miguel Anxo Santos Rego

Director do Departamento de Pedagogía e Didáctica da USC

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

ANEXO

Formulario de Solicitud de Participación na **I Convocatoria de Premios a Teses de Doutoramento en** **Educación 2022** **(Departamento de Pedagogía e Didáctica da USC)**

Nome e apelidos:

DNI/NIE:

Nacionalidade:

Domicilio fiscal:

Título da Tese:

Director/a e/ou Codirector/a da Tese:

Data de Defensa da Tese:

Cualificación obtida:

Denominación do Programa de Doutoramento:

Teléfono (móbil) de contacto:

Correo electrónico:

En _____, a __ de _____ de 2022

Sinatura do/a interesado/a:

Sr. Director do Departamento de Pedagogía e Didáctica da USC